

**BOLETIN**

# Impulso

**Edita:**

**Seccion Sindical**

**Citroen**

**Nº 5 Setembro 95**



The logo consists of the letters 'CIG' in a large, bold, red, stylized font. Below the letters is a red horizontal bar containing the word 'METAL' in white, uppercase, sans-serif font.

# EDITORIAL

A problemática suscitada, unha vez máis, pola Dirección, acerca do tema dos Relevos-water nas liñas de Montaxe merece a nosa atención.

Observamos a volta de vacacións un interese especial da empresa porque Montaxe teña os servizos suficientes e incluso o máis cercanos posibles os traballadores.

Se acepta a necesidade fisiolóxica dos traballadores -paso importante- pois non hai moito tempo había algúnha voz de mando que decía que estas necesidades había que facelas antes ou despois da xornada laboral... ¡un bárbaro!

A teima agora está en convencernos de que estas necesidades as temos que facer non

cando o corpo nolo demande senón  
cando a parada da cadea no lo ordene.

Se a Dirección decide tirar para  
adiante coa medida, esperamos que  
todos os sindicatos, (pois curiosamente  
todos rechazamos a retirada dos  
relevos) esten do voso lado, aí verase  
se algún dos que hoxe rechazan mañán  
non se lavan as máns.

### Asdo. SECCION SINDICAL C.I.G.



## A SEGURIDADE NA FABRICA

Cando se fala de seguridade, tense unha idea un tanto distante de que contén este tema, pero cando se fala de accidentes concretos, sufridos por compañeiros concretos, que teñen que causar baixa, accidentes graves de amputación de algún dos membros, entón xa parece que estamos a falar de algo máis serio e chegamos a pensar que non se fai nada o respecto. Pois ben para que os accidentes non sucedan a única vía é a PREVENCIÓN. O feito de analizar un accidente que xa pasou só nos pode valer para adoptar medidas preventivas.

Dentro da prevención dos accidentes, pódese tomar distintas medidas, unhas no deseño propio do posto de traballo ou máquina tendo en conta os posibles riscos a que vai estar exposto o traballador, esta é unha medida costosa pero de alta efectividade xa que existen estudos que demostran unha redución do 30% de accidentes, outras de carácter colectivo. Queda outra terceira vía, que é a utilización de prendas de uso persoal, que inda que son algunhas incómodas, son en moitos casos indispensables cando non se poden aplicar as medidas de prevención anteriores.

A nosa actuación responsable na defensa da Saúde Laboral conleva en ocasións a toparnos con

alguns compañeiros reticentes en mudar de costumes que nada favorecen a súa seguridade, a eles pedímoslles comprensión na nosa laboura de concienciación para que todos fagamos uso das prendas de seguridade, pois non temos outro interese que non sexa o poder realizar o traballo coa máxima seguridade posible. Se ben é certo de que a empresa obtén un beneficio o non haber accidentes, non debemos esquecer que os principais beneficiarios somos os traballadores, xa que estamos a falar da nosa Saude.

O feito de que en catro anos se reduciran a metade o número de compañeiros accidentados, e que non tiveron que estar de baixa, consideramos que é un dato significativo a valorar.

Toda esta exposición non quere dicir que non haxa moitas deficiencias que superar, así como mudar algúns comportamentos de mandos e responsables de persoal que por un exceso de celo por acadar unha produción chegan a perden a perspectiva de que estan a tratar con persoas que lles fan correr perigos innecesarios.

O camiño andado, o foi en gran medida gracias a colaboración recibida dos afiliados a que esperamos seguir tendo para que a Saude Laboral na nosa fábrica siga unha evolución de signo positivo.

Asdo. Miguel Pérez González  
Resp. de Saúde Laboral C.I.G.- Citroen

## **FORMACION**

**C**omentario.- A Comisión de Seguimento de Formación, como o seu nome indica reuniuse periódicamente (despois de reclamálo no ano 93) para facelo seguimento dos cruso do PLANS do ano 94. Nesta xuntanzas a Sección Sindical reclamou informacións e claridade no proceso formativo, denunciando continuamente a falla das mesma, a escasa participación do persoal, os cirterios de selección etc. facéndono constar nas actas.

Os reiterativos incumplimentos dos compromisos por parte da Dirección tanto nos aspectos ditos anteriormente como os prazos legais establecidos polo FORCEN para poder evaluar e informar acerca da solicitude da financiación do citado Plan de formación pola parte social (sindicatos), orixinou un escrito da Sección Sindical a Dirección esixíndolle cumprir os compromisos adquiridos.

De todo elo imos facer un informe ao FORCEN.

**BALANCE ANO 94**

Impartíronse 155.000 horas para unha previsión de 200.000, argumentando a empresa que foi debido a aplazamentos no tempo e tamén que as veces os talleres non mandaban o persoal que tiña que asistir. O obxectivo era de 160.000 h. (80%) .

Durante este ano construíronse dua aulas novas. Subvención recibida do FORCEN 76 millóns de ptas., representando o 50% do solicitado, sendo unha cantidade que a Dirección considera importante.

#### DISTRIBUCION

	Espec.	I.C.L.	ETAM	PROF.
Nº persoas.....	113.....	1.909.....	1.737.....	2.337.....
Nº de horas...	6.378.....	58.777.....	89.483.....	45.162.....

**CONCLUSION.-** A nosa opinión de este exercicio é de que a pesares do incremento da subvención, a formación non repercutiu proporcionalmente no número de participantes así como o de haber mantido, en varios casos, criterios nada profesionais na selección do persoal.

A Comisión de Seguimento (Empresa - Sindicatos) ten unha responsabilidade compartida, de garantir que o diñeiro que todos aportamos cumpla co fin para o cal esta destinado, a FORMACION, de aí a importancia vital da túa participación facéndonos chegar o teu interés por algún curso que non se che dá, ou a posible irregularidade que no teu entorno poidas observar.

## PROGRAMA PARA 1.995

Acción	Modalidad (1)	Organización del proceso de formación (2)	Nº grupos	Nº participantes		Nº horas de la actividad formativa (3)	Coste Total Financiable (pesetas) (4)
				por grupo	total		
1. Recursos Humanos: Relaciones en el Entorno de Trabajo	P	G	125	10	1.250	20	27.342.469
2. Calidad Total en Fabricación Mecánica	P	G	10	10	100	20	4.052.711
3. Métodos Industriales: Implantación y Mejora de Procesos Industriales	P	G	16	10	160	40	25.291.437
4. Aplicaciones de Lógica y Gestión de Procesos Industriales	P	G	16	11	176	20	1.696.800
5. Logística Industrial (HERMES)	P	G	55	10	550	20	4.470.718
6. Microinformática	P	G	16	10	160	25	3.157.550
7. Neumática e Hidráulica (Automatización de la Producción)	P	G	12	10	120	50	2.629.069
8. Automatismos Industriales (Autom...)	P	G	18	10	180	40	10.921.048
9. Robótica (Programación de Sistemas Automáticos ...)	P	G	15	10	150	40	15.674.505

10. Tecnología de Secuencia de Soldar'	P	G	2	8	16	32	2.153.388
11. Francés	P	G	22	8	176	80	10.927.521
12. Tecnologías del Automovil (Circuitos Electrotécnicos ...)	P	G	32	11	352	22	2.974.010
13. Tecnologías de Producción : Revestimientos y Matricería	P	G	4	10	40	240	10.542.543
14. Tecnologías de Estampación	P	G	3	8	24	60	1.837.154
15. Tecnologías de Revestimiento (Preparación y Embellecimiento...)	P	G	19	15	285	20	3.026.224
16. Carristas	P	G	4	5	20	40	1.121.120
17. Técnicas de Soldadura	P	G	2	8	16	75	2.753.640
18. Gestión Económico-financiera: Contabilidad y Fiscalidad	P	G	4	8	32	50/20	3.506.250
19. Seguridad Industrial (Planes de Seg. ...)	P	G	21	10	210	20	1.967.240
20. Específica de Informática: Programación en lenguajes estructurad ...	P	G I	G 6 I 30	G 5 I 1	60	G 32 I 24	15.121.360
<b>TOTAL</b>	MOD	ORG	N	P/G	4.077		151.166.753

(1) P: Presencial D: A distancia A: Ambas(2) G: Grupal I: Individualizada(3) Duración de la actividad formativa dirigida a cada persona(formación individualizada) o grupo (formación grupal) con independencia del nº de participantes. Ejemplos: Grupal : 100horas para 10 participantes=100h. Individualizada: 100h.para 1 participante=100h.(4) Coste total financiable por FORCEM: ver Guía de presentación de Solicitudes Convocatoria 95.

(5) Incluir todos los costes que genere la ejecución de cada acción formativa.

## ECONOMATOS

Se ben os Economatos son concebidos no marco do paternalismo do réximen anterior para aquelas Empresas cun certo volumen do cadro de persoal, non cabe dúbida que con independencia da intencionalidade política da época, estes viñeron a representar unha axuda para as nosas economías .

O entrar o Estado Español a formar parte da C.E., pídesenos que sexan abolidos por entender que estes son un competidor "desleal" do que eles fomentan, as grandes áreas comerciais.

En Citroen tal feito non se deu, pois todos somos conscentes que a inmensa maioría apostamos por mantelos, nembargantes podemos correr o risco que sen chegar a pechalo formalmente os nosos economatos só conserven o nome sendo na realidade unha sucursal máis de calquera cadea comercial.

De ahí que a C.I.G. propuxo a primeiros do mes de Xullo no seo do Comité de Empresa a necesidade de solicitar unha xuntanza coa Dirección para tratar acerca do futuro dos Economatos.

A xuntanza celebrouse o día 26 do mesmo mes onde o Comité foi unánime á hora de denunciar as deficiencias e a súa preocupación polo futuro dos establecementos, especialmente nos temas de precios de comestibles, no textil, a falla de artigos ó alcance de tódolos bolsillos (calzado..); que a Comisión celebre reunión periódicas ( na actualidade unha o ano) e sobre todo, que os economatos non cheguen a converterse nun SPAR máis, como parece indicar o rumbo que levan.

A Dirección non compartiu as críticas do Comité, se ben estas foron recollidas para o seu estudio. Afirmou tamén, que sen estar previsto o desfacerse dos economatos seguirase coa súa política de reducir gastos (retirada de persoal de Citroen...) Que para nós significa unha redución do gasto nun beneficio social que se non tomamos conciencia pouco a pouco nos quedaremos sen el.

Asdo. Xoán Rodríguez Piñón  
Resp. C.I.G. na Com. de Economatos

Resp. da C.I.G. na Comisión

# PRESTAMOS DE VIVENDA

## Art. 51 Convenio Colectivo

Neste ano adícanse a este capítulo un montante de 10 millóns.

O longo do ano hai dúas convocatorias semestrais.

¿Quen pode optar a estes cretos?

Todo compañeiro/a que o necesite para: construción, adquisición ou reparación propia, entendida como domicilio familiar, quedando á marxe os casos de segunda vivenda.

A compra de vivenda, tera que ser realizada dentro do último trimestre do ano anterior ou do ano actual.

No caso de reparación ou mellora, deberá estar comezada no momento de facer a solicitude.

Calquera falseamento de datos na documentación presentada dará lugar á retirada do expediente do solicitante.

A desconfianza que esta comisión todavía arrastra doutro tempo onde había dudas da imparcialidade, nós, a C.I.G temos que dicir que dende que se nos deu participación (últimos anos) a nosa independencia na valoración dos solicitantes preside como non podía ser menos o noso comportamento de total independencia na Comisión, apesares diso sempre podrá haber algún avisado, para iso a S. Sindical considera moi importante a vosa colaboración, facéndonos chegar calquera irregularidade que observeades. Así mesmo non dubidedes eb denmandarnos as aclaracións ou informacións que necesitedes poñéndonos en contacto co responsable responsable na Comisión de Vivendas, ó compañeiro Chapela, tlf. 4895.

Con respecto ás normas internas así como ás cuantías máximas nas prestacións, son cuestión que debemos discutir en caso de discrepancia na elaboración do Anteproxecto do Convenio Colectivo.

**Asdo. Fernando Silva Chapela**

**Resp. da C.I.G. na Comisión**

## BOLSAS DE ESTUDIO

Ante as posibles dúbidas ao desconfianzas que viu suscitando a concesión de becas para os traballadores ou os seus fillos, coidamos que compre facer as seguintes aclaracións - informacións.

Esta prestación social, a Dirección viu utilizándona o longo destes anos para as súas prácticas antisindicais. Este ano non se dara o "logro" miserable para beneficio do sindicato patronal.

Tamén foi importante o suprimir (ano 94) a entrega da Declaración da Renda,. Quedan pendentes o garantir a universalidade da concesión, entregando a matriculación escolar do titular ou beneficiario, (excluíndo as notas)

Estas "pequenas" novidades son importante ilas superando, pois hai moitos

compañeiros que razonadamente non querían ser "beneficiarios" de ningún logro despois de haber facilitado unha serie de datos o Axente de Sector de indole privada.

Seguiremos defendendo nesta comisión a súa democratización.

Lembrarvos alguns apuntes acerca da puntuación. Nesta inflúe a antigüidade, a situación familiar (número de fillos, e si hai algún con disminución ou incapacidade, renta per capita anual, si percibiu beca o ano anterior), se ~~algun~~ ~~quere~~ ~~coñecer~~ ~~permenorizado~~ o baremo que fale co responsable do Sindicato na Comisión de Bolsas de Estudos. O prazo de solicitude finaliza o 30 deste mes.

Asdo. MANUEL RODRIGUEZ DIAZ  
Resp. da C.I.G. na Com. de Becas

NOTA.- Lembramosche que o Boletín ten a disposición de todo afiliado un apartado de OPINION, este non debe pasar de un folio.



CHAMAMENTO INTERNACIONAL POLO FIN INMEDIATO E DEFINITIVO DAS  
PROBAS NUCLIEARES



Se non se fai nada para impedirlo, o Estado Frances reanudarà en Setembro nos atolóns de Mururoa e Fangataufa, no sul do Pacífico.

O presidente Chirac anunciou que o Estado Frances realizará oito probas. Esta decisión deixa unha porta aberta para que outras potencias nucleares esconden a facer ensaios nucleares de novo. Esta socava os esforzos inmediatos para limitar e prohibir as armas nucleares e supón unha grave ameaza para o futuro do noso planeta, en especial para o medio ambiente do sul do Pacífico.

"Esiximos o presidente Chirac que non reanude as probas nucleares e que asine inmediatamente un Tratado de Prohibición Global das Probas Nucleares".